



MÁIS DE 250 CONCELLOS BENEFICIARÁNSE DO PLAN DE MELLORA DA CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DESENVOLVIDO POR INNOVACIÓN E INDUSTRIA E AS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS

- **Fernando Blanco asinou hoxe un convenio de colaboración con Unión Fenosa, BEGASA e APYDE para a mellora das infraestruturas eléctricas no trienio 2007-2009**
- **Realizaranse máis de 1.200 obras de mellora, cun investimento de 60 millóns dos que a Consellaría achegará 27 e as empresas 33**

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2007.- O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco; o vicepresidente de Unión Fenosa, Honorato López Isla; o presidente de Barras Eléctricas Galaico-Asturianas (BEGASA), Miguel Antoñanzas; e o presidente da Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE), José Manuel Arufe, asinaron hoxe en Santiago un convenio de colaboración para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galiza no trienio 2007-2009.

Este convenio –enmarcado no Plan de Mellora da Calidade da Subministración Eléctrica da Estratexia Energos– vén a continuar o suscrito polo departamento autonómico e as tres distribuidoras eléctricas en 2006 e con el preténdese mellorar a subministración eléctrica naquelas zonas rurais aínda deficitarias, no marco de actuación da Consellaría para mellorar a calidade do subministro no conxunto do país. O investimento previsto no convenio para levar a cabo as obras de mellora nas infraestruturas eléctricas no período 2007-2009 ascende a 60 millóns de euros, dos que as empresas achegarán 33 e a Consellaría de Innovación e Industria os 27 restantes (o 45% do total). En total, beneficiaranse deste convenio máis de 255 concellos galegos.

Segundo explicou Fernando Blanco, este convenio continúa o camiño iniciado en 2006, dá visión plurianual nos tres seguintes anos e pon de manifesto o compromiso claramente investidor que contempla a Estratexia Energos desenvolvida por Innovación e Industria, posto que estes 60 millóns veñen a sumarse aos 19,9 destinados en 2006, polo que o investimento total destinado á mellora da calidade da subministración ascende a 80 millóns no cuatrienio 2006-2009.

O conselleiro nacionalista destacou o obxectivo de buscar o reequilibrio entre as áreas costeiras e as do interior, cun esforzo inversor nas provincias de Lugo e Ourense. As actuacións que se van desenvolver concrétanse en accións de mellora nas redes de baixa e media tensión e nos centros de transformación e automatización no medio rural que contén un servizo inferior á media galega. O obxectivo, segundo dixo Blanco, é mellorar nun 15% os índices de calidade zonal respecto da situación anterior.

Este convenio vai permitir executar preto de 1.200 obras de mellora nas infraestruturas eléctricas ao longo dos tres anos. Os concellos beneficiados pola actuación conxunta de empresas e Consellaría son os seguintes:



Na provincia da Coruña: Abegondo, Ames, Aranga, Arteixo, Arzúa, A Baña, A Laracha, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, A Capela, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cesuras, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dumbría, Ferrol, Frades, Irixoa, Laxe, Malpica, Melide, Mesía, Monfero, Muros, Muxía, Narón, Neda, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Oza dos Ríos, Outes, Paderne, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes, Porto do Son, O Pino, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, Santa Comba, Santiago, Santiso, San Sadurniño, Sobrado, As Somozas, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Vai do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmador, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

Na provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Antas do Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Begonte, Becerreá, Bóveda, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Cospeito, Chantada, O Corgo, Friol, Foz, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lourenzán, Lugo, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, A Pastoriza, Palas de Rei, Pantón, Paradela, A Pobra do Brollón, Quiroga, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade, Xove.

Na provincia de Ourense: Allariz, Amoeiro, Avión, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beade, Beariz, Os Brancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Esgos, Gomezedo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Maceda, Manzaneda, Maside, A Merca, A Mezquita, Melón, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada do Sil, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubián, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Sarreaus, San Xoán de Río, Sandiás, Taobadela, A Teixeira, Toén, Trasmirás, Vereas, Verín, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadañedo.

E na provincia de Pontevedra: Agolada, A Lama, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cotobade, Crecente, Cuntis, Dozón, A Estrada, Gondomar, Forcarei, Fornelos de Montes, Lalín, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Pontearreas, Pontecaldelas, Pontevedra, O Covelo, O Porriño, Redondela, Ribadumia, Rodeiro, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vigo, Vila de Cruces, Vilagarcía de Arousa, Valga, Vilanova de Arousa.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA